

CENTRO GALEGO DO PLÁSTICO



Situación: Edificio CIS, A Cabana s/n
15590 FERROL (A Coruña)
Teléfono: 981 337 133
Fax: 981 337 171
www.cgap.es
info@cgap.es



O CGAP foi creado en Abril de 2008, impulsado polo Grupo de Polímeros da Universidade da Coruña e pola Dirección Xeral de I+D+i, e a súa forma xurídica é a dunha Fundación sen ánimo de lucro. O Centro xurdiu co fin de promover o asentamento e expansión tecnolóxica do sector do plástico en Galicia mediante o emprego de accións que se caracterizarán pola súa axilidade, capacidade e eficacia.

Os obxectivos deste Centro son os de liderar e fomentar a I+D no sector, tanto liderando proxectos específicos como formando técnicos e tecnólogos que poidan incorporarse ás empresas; dar asistencia técnica a empresas en materia de novas tecnoloxías de transformación do plástico e desenvolvemento de novos produtos e materiais; liderar iniciativas que teñan un impacto positivo ambiental (reciclaxe, uso de materiais inocuos, bioplásticos, aforro de enerxías, etc.); e converterse en centro de referencia no sector do plástico a nivel estatal e internacional.

Recursos humanos

No seu inicio o CGAP ocupará a 18 empregados, dos cales 4 serán Doutores e 10 Titulados Superiores, ademais de persoal de taller e administrativo. Co tempo, preténdese que o Centro acade cerca de 30 empregados.

Organización / Áreas de traballo

O Centro estará composto inicialmente por unha Dirección Xeral e a Dirección Técnica será levada polo grupo de Polímeros da UDC, que actuará como unidade adscrita ó CGAP.

As áreas das que contará o Centro son as seguintes:

- Investigación aplicada en novos plásticos e desenvolvemento de formulacións.
- Laboratorio de ensaios físicos para materias primas e produtos.
- Sala de procesado, con equipos de mestura, extrusión e inxección.
- Taller de Prototipado con prototipado por sintetizado láser, forno de microfusión de aleacións lixeiras e prototipos en PU e madeira.
- Sala de deseño e análise estrutural e reolóxico.
- Asistencia técnica en produtos e procesos de transformación.
- Aulas de formación.
- Documentación.
- Servizos xerais, talleres.



Instalacións / Equipamento

A sede do Centro atópase nunha das ás do CIS Ferrol, un edificio que consta dunha superficie total de 2900 m2. Na actualidade atópase en fase de dotación de equipamentos.



Servizos

Os servizos que ten previsto ofrecer o Centro son os seguintes:

- Proxectos de Investigación, Desenvolvemento e Innovación aplicados o sector industrial de transformación de polímeros.
- Asistencia técnica en materiais poliméricos e as súas técnicas de procesamento.
- Control de Calidade de materia prima e produto terminado.
- Deseño, análise reolóxico e estrutural de produtos plásticos.
- Laboratorio de ensaios para probas de materiais e a súa homologación.
- Fabricación de prototipos e pre-series.
- Asesoramento en aspectos medioambientais e reciclaxe de materiais plásticos.
- Formación de tecnólogos e técnicos especialistas en técnicas de procesamento e materiais plásticos.
- Documentación e vixilancia tecnolóxica especializada para empresas do sector.

Colaboracións, convenios ou alianzas con outras entidades

- Convenio de colaboración co FEUGA.